Concello de AMES

ACTA DE VALORACIÓN DOS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULA E PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS OBRAS DAS GRADAS CUBERTAS NO CAMPO DE FÚTBOL DO MILLADOIRO. POS 2016

Na Casa do Concello de Ames sendo as once horas e trinta minutos do día 30 de setembro de 2016 reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación do procedemento aberto para a contratación das obras das gradas cubertas no campo de fútbol do Milladoiro.

ASISTENTES:

Presidente:

Don Blas García Piñeiro, concelleiro delegado de obras do Concello.

Vogais:

- Dona Rosa Ana Prada Queipo, secretaria da Corporación.
- Dona Margarita Fernández Sobrino, interventora da Corporación.
- Don José Rogelio Pardo Martínez, xefe do departamento de contratación.

- **Secretario:** Don Emilio Garrido Moreira, funcionario do departamento de contratación.

Previa lectura dos preceptos legais e demais particulares do expediente, o secretario, a indicacións do presidente da Mesa expón que, na anterior reunión da mesa de contratación de data 9 de setembro de 2016, diante dos elevados porcentaxes de baixa presentados por algúns dos licitadores e o obxecto de comprobar se existían ofertas económicas en situación de baixa temeraria, en primeiro lugar procedeuse a realizar os cálculos (co programa da Excma. Deputación deseñado para este fin) das medias aritméticas das ofertas presentadas, observándose que a proposición presentada pola empresa Obras y Contratas Rivademar SL que ofertou unha baixa dun 19,00% estaba incursa en situación de baixa temeraria.

A vista deste feito e tendo en conta o establecido no apartado 15.2 dos pregos de cláusulas administrativas, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros presentes naquela reunión **ACORDOU:**

1º.- Dirixir escrito vía correo electrónico (medio elixido pola empresa licitadora para as comunicacións entre as dúas entidades) á empresa Obras y Contratas Rivademar SL concedéndolle un prazo de 5 días naturais ós efectos de que xustificara diante da mesa de contratación a baixa ofertada, acompañando para elo a documentación a que se fai referencia no prego de cláusulas administrativas particulares.

2º.- Que unha vez presentada pola empresa requirida a documentación xustificativa da baixa remitiríaselle ós servizos técnicos do Concello para que emitiran o correspondente informe.

Presentada no prazo conferido a documentación xustificativa pola empresa requirida douselle traslado á arquitecta técnica do Concello, María Gamundi Fernández, para que procedera á valoración da documentación presentada por Obras y Contratas Rivademar SL.

A técnica do Concello emite un informe que transcrito literalmente dí:

Concello de AMES

INFORME RELATIVO Á DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POLA EMPRESA OBRAS Y CONTRATAS RIVADEMAR,SL, RELATIVA Á XUSTIFICACIÓN DA POSIBLE INCIDENCIA DE BAIXA TEMERARIA DA OFERTA PRESENTADA NO PROCEDEMENTO ABERTO CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE VALORACIÓN DA OBRA: "OBRAS DAS GRADAS CUBERTAS DO CAMO DE FÚTBOL DE MILLADOIRO"

ANTECEDENTES:

O Concello de Ames ten convocado procedemento negociado para a execución da obra referencia, cun presuposto de licitación máis IVE de 91.536,56 €. A media das ofertas presentadas polos licitadores ascende á cantidade de 83.358,45€, e a oferta media, excluídas as ofertas extremas, de 83.358,45€. Unha vez aplicados os criterios establecidos no prego, resulta un límite de oferta temeraria de 75.022,60€, que supón un 18,00% de baixa.

Das ofertas presentadas, a seguinte atópase no suposto referido no parágrafo anterior:

OBRAS Y CONTRATAS RIVADEMAR,SL: 74.144,61 € [19,00% baixa]

A empresa presenta documentación complementaria que ten por obxecto xustificar a viabilidade da execución da obra axustándose á oferta económica presentada.

INFORME:

A empresa presenta documentación, que consta dos seguintes apartados:

Xustificación da oferta:

XUSTIFICACIÓN DE PREZOS OFERTADOS

1. *Materiais. Carta de compromiso de colaboradores.*
   O licitador achega oferta relativa ás pezas prefabricadas que compoñen a estrutura da grada do campo de fútbol:

   - *FERROCAR, SL: pilares, vigas, lousa alveolar, grada prefabricada, chanzos.*

2. *Maquinaria. Medios propios.*

   O licitador indica que vai alugar unha grúa autopropulsada tipo LTM 1070-4.1 da marca LIEBHERR para a montaxe dos prefabricados subministrados por FARROCAR, SL. Indican prezo de aluguer por hora, segundo tarifa de base de prezos CYPE INGENIEROS, SA, (141,98€/hora) pero non presenta oferta de ningunha empresa de aluguer de grúas que se comprometa a alugar unha grúa das características indicadas ó prezo de 141,98€/hora.
   O licitador achega unha relación de maquinaria da súa propiedade que pon a disposición da obra.

3. *Oferta detallada*
   Este apartado está composto por un estudo comparativo por partidas entre o orzamento do proxecto e a oferta do licitador, SEN prezos descompostos das partidas nas que se producen modificacións.

VOLUME DE OBRA

Volume da obra xa contratada, en relación cos medios persoais e materiais do licitador

O licitador expón unicamente que licitou a oferta cun alto grado de dependencia do provedor de prefabricados e que teñen medios persoais máis que suficientes para atender a obra que nos ocupa e que o volume de obra non é un punto a ter en conta no seu caso.

RELACIÓN ENTRE OS CUSTOS LABORAIS FIXOS E O VOLUME DE OBRA CONTRATADA

Neste apartado inclúense un informe de vida laboral de tres operarios, o volume de obra dos anos 2014 e 2015 e o custe anual de persoal nos mencionados anos. Insisten novamente no custo que lles ofertou o provedor da estrutura da grada cuberta prefabricada.

Avaliación da documentación aportada:

Analizada a documentación presentada, compróbase que se xustifica a baixa unicamente baseándose na carta de compromiso do provedor de prefabricados . As diferenzas nos prezos concéntranse en 9 partidas:

01: Pilares 50x30 de 5,60m
02: Pilares 50x30 de 2,00m
03: Viga jácena 40x40 (6+2)
11: Viga escalonada
19: Lousa alveolar H-15,2
08: Lousa alveolar H-15,2
24: Panel macizo de e:12cm (gris)
24: Grada prefabricada 45x85

24: Chanzos 90x28x15

Non coinciden as dimensións dos elementos prefabricados da oferta da empresa FERROCAR,SL coas dimensións dos elementos prefabricados que figuran en proxecto. As vigas ofertadas son de 40x40cm, mentres que as vigas de proxecto son de 30x50 e 30x45cm. Tampouco coinciden os cantos das lousas alveolares ofertadas cos cantos das lousas de proxecto.
Na oferta presentada non se especifican de xeito detallado os elementos ofertados. Tal e como están descritos na carta de compromiso axuntada, non é posible comprobar que as partidas ofertadas teñen as mesmas características que as partidas que figuran en proxecto.
CONCLUSIÓN:

Examinada a documentación presentada pola empresa licitadora para xustificar a oferta económica realizada, ***considérase que non a xustifica adecuadamente, polo que se informa de xeito desfavorable.***

Considerando que a empresa Obras y Contratas Rivademar SL non xustificou a baixa temeraria na que incorrera e polo tanto debe ser excluída da licitación, procédese (de acordo co programa de valoración de ofertas da Excma. Diputación) a deixar constancia da puntuación correspondente ás ofertas económicas das demais empresas presentadas, ó procedemento, e que xa non estan incursas en situación de baixa temeraria, segundo consta na acta levantada ó efecto da reunión da mesa de contratación do día 9 de setembro, obténdose a seguinte clasificación por orde decrecente de puntuación:

Tipo de licitación con IVE: 91.536,56.- Euros

LICITADOR	PUNTUACIÓN REF. TÉCNICAS (40)	OFERTA ECONÓMICA CON IVE	PTOS OF. EC. (40)	GASTOS CONTROL EXTERNO CALIDADE	PTOS CONTROL EXTERNO (9)	GASTOS CONTROL INTERNO CALIDADE	PTOS CONTROL INTERNO (1)	PTOS. TOTAIS
OVIGA SL	35,50	82.420,00	22,34	3,00%	9,00	10,00%	1,00	64,09
NORTEMAR SL	27,50	81.758,56	23,63	0,86%	2,58	2,00%	0,20	61,91
COVIASTEC SL	35,00	85.403,62	15,39	3,00%	9,00	3,00%	0,30	59,69
TERRAUGA PROYECTOS Y OBRAS SL	31,75	82.227,29	22,72	3,00%	9,00	3,00%	0,30	59,52
ATLÁNTICA DE CONSTRUCCIÓN E MEDIO AMBIENTE SL	36,75	86.200,00	13,39	3,00%	9,00	1,00%	0,10	58,49
CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA SL	36,00	91.355,06	0,46	3,00%	9,00	10,00%	1,00	47,21

A vista das puntuación obtidas, a Mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

1º Propoñer ó órgano de contratación a exclusión do procedemento da empresa Obras y Contratas Rivademar SL por non xustificar a baixa desproporcionada na que incorreu coa súa proposta económica.

2º.- Trasladar ao órgano de contratación a lista de licitadores por orden decrecente de puntuación e propoñer a adxudicación da realización das obras das GRADAS CUBERTAS NO CAMPO DE FÚTBOL DO MILLADOIRO á empresa **Obras y Viales de Galicia SL (OVIGA)** con CIF B-15608193 no prezo de sesenta e e oito mil cento quince euros e setenta céntimos **(68.115,70.- Euros)**, máis o I.V.E. correspondente que ascende a cantidade de catorce mil trescentos catro euros e trinta céntimos **(14.304,30.- €)**, así como no resto da condicións establecidas no prego e na oferta presentada pola empresa adxudicataria.

E non habendo máis asuntos que tratar o señor Presidente deu por rematado o acto sendo as once horas e corenta minutos, do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretario da mesma, certifico.